

O horario será de 9.30 a 14.00 e de 15.30 a 19.00 horas os días 25 e 26; e o día 27 en horario de 10.00 a 14.00 horas, cunha duración de 20 horas lectivas.

Contido.

- I. Os procedementos de axuízamento criminal.
- II. A instrución criminal.
- III. Funcións procesuais da policía xudicial.
- IV. O procedemento para o axuízamento rápido e inmediato dalgúns delitos e faltas.
- V. Elaboración de procedementos normalizados para uso dos corpos de seguridade.

Relación de admitidos.

A relación de admitidos farase pública o día 22 de maio a partir das 14.00 horas, no taboleiro de anuncios do Centro de Estudos Xudiciais e Seguridade Pública de Galicia, ou ben poden coñecer e confirmar a súa asistencia chamando ao teléfono 986 59 00 21.

Lugar.

O curso desenvolverase no Centro de Estudos Xudiciais e Seguridade Pública de Galicia, sito na Avenida da Cultura, s/n, no Concello da Estrada.

Certificado de asistencia.

Ao remate do curso entregaráselle un certificado de asistencia a aquelas persoas que acrediten a súa participación continuada a el.

Modificacións.

O Centro de Estudos Xudiciais e Seguridade Pública de Galicia poderá modificar o desenvolvemento do curso para adaptalo ás necesidades da Administración e ás contingencias que poidan xurdir.

A Estrada, 25 de abril de 2005.

José Antonio Vázquez Taín
 Director do Centro de Estudos Xudiciais e Seguridade Pública de Galicia

ANEXO	
ENTIDADE DE PERTENZA	CURSO: XUIZOS RÁPIDOS LOCALIDADE: CENTRO DE ESTUDOS XUDICIAIS E SEGURIDADE PÚBLICA DE GALICIA
1. SOLICITANTE	Apellidos: Nome: DNI: Data de nacemento: Teléfono/s de contacto: Enderezo particular: Rúa: Concello: Provincia:
2. DATOS PROFESIONAIS	Corpo de procedencia: Clase de persoal Categoría Grupo de pertenza dentro do corpo Ano de entrada no corpo Enderezo do posto de traballo
3. INFORME DO XEFE DO CADRO DE PERSOAL OU DO CONCELLEIRO DELEGADO	Vista a solicitude presentada polo interesado, declaro que o funcionario se atopa en activo, e ten a miña autorización para asistir ao curso Lugar e data: Sinatura e selo do órgano informante Asdo.:
4. DECLARACIÓN	Declaro, pola miña honra: Que son certos todos os datos que figuran nesta solicitude de de 200 Sinatura do/da solicitante:
5. SELECCIÓN	Vista a solicitude presentada polo/la interesado/a, o órgano conxunto de selección resolveu <input type="checkbox"/> seleccionalo/a <input type="checkbox"/> non seleccionalo/a Sinatura e selo do órgano seleccionador: Lugar e data: Asdo:

Director do Centro de Estudos Xudiciais e Seguridade Pública de Galicia.

Resolución do 25 de abril de 2005 pola que se convoca un curso sobre procedemento sancionador en tráfico.

Dentro das actividades programadas para o ano 2005, e conforme as funcións atribuídas pola Lei 1/2005, do 4 de xaneiro, de creación do Centro de Estudos Xudiciais e Seguridade Pública de Galicia, anúnciase a celebración dun curso sobre procedemento sancionador en tráfico, que deberá desenvolverse conforme as seguintes bases:

Obxectivo.

- Coñecer a dinámica do procedemento sancionador e a intervención do axente neste.
- Actualizarse na normativa referente aos procedementos sancionadores de carácter administrativo relacionados co tema de tráfico e transportes.

Destinatarios.

O curso vai dirixido aos membros dos corpos de policía local da Comunidade Autónoma de Galicia.

Inscrición.

A inscrición dos participantes será totalmente gratuíta.

Prazas.

40 prazas.

Solicitudes.

1. O persoal que desexe participar neste curso deberá presentar, cuberta a máquina ou con letra moi clara, a instancia que figura no anexo.

2. O prazo para a presentación de instancias rematará o día 20 de maio de 2005, ás 14.00 horas.

3. As instancias deberán enviarse ao Centro de Estudos Xudiciais e Seguridade Pública de Galicia, sito na Avenida da Cultura, s/n, 36680 A Estrada; ou ben poden entregarse en calquera dos lugares previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Datas.

O curso realizarase en datas do 25 ao 27 de maio, en horario de 9.30 a 14.00 horas e de 15.30 a 19.00

horas, excepto o día 27 que será de 9.30 a 13.30 horas.

Relación de admitidos.

A relación de admitidos farase pública o día 23 de maio a partir das 14.00 horas, no taboleiro de anuncios do Centro de Estudos Xudiciais e Seguridade Pública de Galicia, ou ben poden coñecer e confirmar a súa asistencia chamando ao teléfono 986 59 00 21.

Lugar.

O curso desenvolverase no Centro de Estudos Xudiciais e Seguridade Pública de Galicia, sito na Avenida da Cultura, s/n, no Concello da Estrada.

Certificado de asistencia.

Ao remate do curso entregaráselles un certificado de asistencia a aquelas persoas que acrediten a súa participación continuada.

Modificacións.

O Centro de Estudos Xudiciais e Seguridade Pública de Galicia poderá modificar o desenvolvemento do curso para adaptalo ás necesidades da Administración e ás continxencias que poidan xurdir.

A Estrada, 25 de abril de 2005.

José Antonio Vázquez Taín
Director do Centro de Estudos Xudiciais
e Seguridade Pública de Galicia

ANEXO

ENTIDADE DE PERTENZA	CURSO: PROCEDIMENTO SANCIONADOR EN TRÁFICO LOCALIDADE: CENTRO DE ESTUDIOS XUDICIAIS E SEGURIDADE PÚBLICA DE GALICIA
1. SOLICITANTE	
Apelidos:	Nome: DNI:
Data de nacemento:	Teléfono/s de contacto:
Enderezo particular:	Enderezo do contacto:
Rúa:	Concello: Provincia:
2. DATOS PROFESIONAIS	
Corpo de procedencia:	Clase de persoal:
Categoría:	
Grupo de pertenza dentro do corpo:	
Ano de entrada no corpo:	
Enderezo do posto de traballo:	
3. INFORME DO XEFE DO CADRO DE PERSOAL OU DO CONCELEIRO DELEGADO	
Vista a solicitude presentada polo interesado, declaro que o funcionario se atopa en activo, e ten a miña autorización para asistir ao curso	
Lugar e data:	Sinatura e selo do órgano informante:
	Asdo.:
4. DECLARACIÓN	
Declaro, pola miña honra:	
Que son certos todos os datos que figuran nesta solicitude	
..... de de 200
..... de de 200
Sinatura do/da solicitante:	
5. SELECCIÓN	
Vista a solicitude presentada polo/la interesado/a, o órgano conxunto de selección resolveu	
<input type="checkbox"/> selección/a <input type="checkbox"/> non selección/a	
Sinatura e selo do órgano seleccionador:	
Lugar e data:	Asdo:

Director xeral do Centro de Estudos Xudiciais e Seguridade Pública de Galicia.

ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Resolución do 2 de maio de 2005 pola que se convocan unhas Xornadas sobre responsabilidade por danos.

Dentro do Plan de actividades da Escola Galega de Administración Pública para o 2005 e de acordo coas funcións atribuídas pola Lei 4/1987, do 27 de maio, de creación da escola, e pola Lei 10/1989, do 10 de xullo, de modificación da anterior, convócanse unhas Xornadas sobre responsabilidade por danos, conforme as seguintes bases:

1. Obxectivos.

A consideración actual da responsabilidade converteuse nunha das materias máis relevantes da vida actual. Reflicte controversias, comprende respostas e interrogantes e pode ser conceptualizada como unha garantía da esfera xurídica da personalidade. A súa actualidade é incesante e a súa constante achega de puntos de vista distintos convértena nunha materia apaixonante e de grande interese xeral.

A responsabilidade fundaméntase na existencia sempre dunha persoa con calidade de prexudicado a consecuencia da produción de actos que poden considerarse ilícitos. Iso determina a necesidade de que sexa protexido no seus intereses, pois ao ser inxustamente prexudicado, estase desvalorando e afectando a súa plenitude persoal.

As presentes xornadas propoñense entrar neste universo de pluralidade e aprender a incesante achega de ideas, coñecementos, situacións, riscos e circunstancias que dan lugar á necesidade de expoñer respostas que, partindo dun suposto concreto, teñen tendencia a xeneralizarse de forma global.

2. Contido.

Trataranse estes temas:

- Principios xerais da responsabilidade civil.
- Responsabilidade no ámbito do consumo.
- Responsabilidade dos árbitros e secretarios dos colexios arbitrais.
- Responsabilidade sanitaria.
- Indemnización por causa de morte.
- Responsabilidade de pais e menores.
- Responsabilidade dos intervenientes no proceso da construción.
- Responsabilidade das administracións públicas.

3. Destinatarios.

Persoal ao servizo da Xunta de Galicia e da Administración local galega e interesados en xeral.

4. Desenvolvemento.

-Horario: mañá e tarde.

-Lugar e data: as xornadas convocadas desenvolveranse no salón de actos da Delegación da Presidencia de Lugo, sito na Rolda da Muralla nº 70, da citada cidade, os días 2 e 3 de xuño de 2005.

5. Inscripción.

-Prazo: remata o martes, 31 de maio de 2005.

-Tramitación de solicitudes: as solicitudes irán dirixidas ao director da Escola Galega de Administración Pública, Polígono das Fontiñas, rúa de Madrid, 2-4 - 15707 Santiago de Compostela, segundo o modelo que figura como anexo a esta convocatoria, e presentaranse no rexistro xeral da EGAP ou por calquera das formas previstas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Admitiranse tamén inscricións por telefax: 981 54 63 30.

-Número de prazas: limitado á capacidade do local.

-Inscripción fóra de prazo: só se admitirán, de quedaren prazas baleiras, coa condición de que se cumpran os requisitos xerais antes indicados.

Os petitionarios poderán obter confirmación da súa posible admisión chamando por teléfono, o día 1 de xuño, de 8.30 a 14.30 horas, aos seguintes números: 981 54 62 39/44 ou 981 54 60 40.

6. Modificacións.

A EGAP reserva para si a facultade de interpretar e de resolver as incidencias que puidesen xurdir no desenvolvemento das xornadas, así como o de cancelalas, se o escaso número de solicitudes non xustificase a súa realización.

7. Certificación de asistencia.

Entregaráselles, ao remate das xornadas, a aquelas persoas inscritas que concorresen asiduamente a elas, cando a súa asistencia sexa igual ou superior ao 85% das horas lectivas programadas, e expresarse neste documento a natureza da actividade e as datas da súa realización.

Santiago de Compostela, 2 de maio de 2005.

Domingo Bello Janeiro
Director da Escola Galega de Administración
Pública